



R lanza a súa nova campaña de marca coa promesa dun futuro innovador para clientes de telecomunicacións de Galicia

- ***‘R_voemos’ é o novo lema que a Compañía utiliza para inspirar a poboación de Galicia cun futuro por crear onde, grazas ás telecomunicacións, todo é posible.***
- ***R confiou a súa campaña á axencia galega Imaxe, que empregou ferramentas de intelixencia artificial (IA) para idear pezas gráficas e audiovisuais onde se proxecta o inimaxinable.***
- ***O spot da campaña é un dos primeiros do mundo realizado con tecnoloxías IA que consegue este nivel de remates, texturas e movementos de cámara.***



Venres, 12 de xaneiro de 2024.- R, o operador líder en servizos de telecomunicacións de fibra e móbil en Galicia, estrea unha nova campaña de publicidade para refrescar a súa marca e atraer todos os públicos do mercado e, en especial, o segmento da mocidade.

‘R_voemos’ é novo lema que a Compañía utiliza para inspirar a poboación galega cun futuro por crear onde, grazas ás telecomunicacións, todo é posible; un convite a deixar voar a imaxinación e a proxectar un mañá no que case todos os avances tecnolóxicos poden ‘molar’ moito (aínda que algúns non o fagan).

Así, a nova campaña mostra imaxes tan imposibles e ao tempo inspiradoras para os/as clientes/as como un humano cun filtro de cabalo que se pasea con dignidade pola urbe (para dar que falar), un colega de videoxogos que se conecta dende Orión, o receitairo da avoa descargado na cachola dunha cociñeira moi moderna... ou unha nena cun casco de mil ollos para poder ver mil series e unha estupenda señora maior que plana en patinete sideral esquivando o tráfico.

Con estas imaxes preténdese trasladar a mensaxe da importancia das telecomunicacións nese futuro onde, grazas á tecnoloxía, seremos quen de facer cousas que aínda non podemos nin imaxinar. A nova campaña converte outra vez a **R** en **axente de progreso** que inspira e propón un mañá para situar Galicia á vangarda do mundo, que trae a innovación a Galicia; unha empresa que soña con ese intre.

Porque, para que as cousas pasen, o primeiro que hai que facer é soñalas. Ademais, refórzase a súa vinculación e compromiso co territorio onde o operador levou a cabo importantes investimentos no desenvolvemento das novas redes de fibra e 5G.

Creatividade con intelixencia artificial pioneira en animación

A nova campaña de **R** quere inspirar o público a ser creativo e orixinal, e descansa sobre valores como a frescura, a retranca, o desenfado e a diversión. O seu lema “voemos” convida a soñar, crear e gozar. A mensaxe principal busca que as persoas **imaxinen o futuro para poder crealo**. E faíno con pezas gráficas e audiovisuais que debuxan escenas rompedoras, irónicas, humorísticas, reflexo dese mañá imaxinario.

Para iso apostouse pola **intelixencia artificial**, unha das tecnoloxías máis disruptivas dos últimos tempos. Igual que **R**. De feito, o anuncio da campaña é un dos primeiros do mundo realizado con intelixencia artificial que consegue este nivel de acabados, texturas e movementos de cámara. Para iso utilizáronse diferentes ferramentas de xeración de imaxes como *Midjourney*, ademais de vídeo tradicional sobre o que a IA constrúe un universo sorprendente. E é a combinación de técnicas o que fai desta produción unha aventura totalmente pioneira ([anuncio marca R](#)).

Alfredo Ramos, director de **R**, explica que *“a Compañía naceu en Galicia en 1998, e dende entón a súa galegitude innata camiñou ligada a valores como a innovación, o investimento en tecnoloxía e a aposta por servizos avanzados en resposta ás necesidades dos/das nosos/as clientes/as. Estamos moi orgullosos/as do logrado e queremos seguir medrando, ser aínda mellores e adaptarnos –como sempre fixemos, con creatividade e innovación– aos novos tempos. O lanzamento da nosa nova campaña de marca vincúlanos aínda máis coa actualidade e coas inquietudes dos/das nosos/as clientes/as galegos/as, a quen queremos ofrecer sempre a mellor tecnoloxía e os mellores servizos”*.

Para a realización desta **campaña e a súa creatividade R** confiou na axencia galega **Imaxe**, unha mostra máis do seu compromiso coa innovación, reforzada pola produtora *Vostok Films* baixo a dirección do realizador Cloré. A frescura da proposta completa responde igualmente a unha produción musical na que o **músico coruñés Nano MZ** enumera a ritmo de reguetón eses avances que nos deparará o futuro e que poderían ‘molar’ (ou non).

O lanzamento, hoxe venres 12 de xaneiro, implicará a difusión de materiais audiovisuais e gráficos en radio, marquesiñas, *online* ou autobuses, ademais de contar con anuncios en televisión e presenza na gran pantalla de cines autóctonos.

Croquetas ilimitadas, xigas ilimitados

En definitiva, fiel aos seus principios, **R** non quere desprenderse do seu mercado espírito rupturista e segue a teimar en ser a empresa de telecomunicacións galega máis innovadora ano tras ano: fibra de última xeración con cobertura total en Galicia (e case total de 5G), máxima velocidade, Internet rural avanzado, plataforma de entretemento 4K con contidos para unha miscelánea de públicos... e todo iso cun servizo próximo, con xente de aquí.

A misión de **R**, axudar a construír unha Galicia de vangarda para competir ao nivel das rexións máis avanzadas do mundo, continúa o seu periplo. E esta reviravolta da marca é, agora, o último capítulo desta historia de innovación

Sobre Imaxe

Imaxe é unha axencia de publicidade coruñesa con máis de 40 anos de historia. Conta cunha ampla rede de colaboradores de perfís multidisciplinares con quen desenvolve creatividade e estratexia para as marcas máis importantes da rexión. Para Imaxe non hai clientes nin provedores, só hai socios creativos, pois o seu modelo de traballo é o da colaboración, bañando de creatividade cada parte do proceso.

Sobre Nano MZ

Con só 24 anos, este músico coruñés xa soa en festivais como Boombastic ou O Son do Camiño. Natural de Arteixo, trasladouse a Madrid para cumprir o seu soño de dedicarse á música de forma profesional, algo que conseguiu cos seus máis de 120.000 oíntes mensuais en Spotify, onde conta cunha gran base de fans. O seu xénero musical, que el mesmo describe como 'música urbana', bebe de fontes tan diferentes como o pop, o reguetón, a electrónica ou o rock.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. Marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes de telecomunicacións, **R** é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde o operador ten despregada a súa rede de fibra óptica. Como empresa do Grupo MASMOVIL, en menos dun ano converteuse na súa insignia en Galicia polas súas afinidades compartidas nos valores esenciais de orientación ao cliente, axilidade, sostibilidade ou proximidade. Entre os seus logros recentes están tamén superar a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e o 90 % da poboación de Galicia con dispoñibilidade de acceso ao 5G.



comunicación R
prensa@mun-do-r.net
R.gal